

CURRÍCULUM DO PROFESORADO

Javier Blanco Lado

Nado na Baña.

Iniciouse na música á idade de 10 anos, tocando a mandolina en diversas rondallas.

Hai uns anos comeza os seus estudos de acordeón diatónico da man de Alexandre Cadarso e realizando cursiños de perfeccionamento con Pedro Pascual (profesor de Acordeón Diatónico do Conservatorio de Musica Tradicional de Lalín), Cati Plana, Nel Expósito ...

Ten colaborado con moitos grupos e gravando varios CD.

Na actualidade é profesor de mandolina na Asociación Follas Novas de Ames.

Alonso Barreiro

Nado en Ames hai 24 anos, é mestre de música nas etapas infantil, primaria e secundaria no colexio público Príncipe Felipe de Pontevedra desde o 2004, onde tamén estuda acordeón no conservatorio profesional de música "Manuel Quiroga".

O forte vencello coa tradición musical en Galicia, permanente desde cativo, lévao a participar, colaborar e fundar diferentes grupos de música tradicional e folque, a gravar CD's con este xénero, a impartir aulas de gaita e percusión (No Instituto Xelmírez I de Compostela e actualmente na Asociación Follas Novas de Ames) e a estudar no 2003 un posgraduado de especialización en música tradicional galega pola Universedade de Santiago de Compostela.

Neste intre a súa actividade musical, á marxe do seu traballo, céntrase na preparación de varios proxectos, tendo rematado recentemente o espectáculo "Vento Mareiro" co actor Avelino González e o cuarteto de música Caramuxo, onde con máis de trinta funcións anuais foi o espectáculo máis representado da Rede Galega de Teatros e Auditorios do 2005.

Xosé Vázquez Suárez

Máis coñecido por CHE.

Nado en Goiáns – Brión. Desde moi pequeno tivo contacto coa música tradicional, en concreto coa construción de instrumentos galegos, á que se adica no seu tempo de lecer.

É considerado como ún dos mellores constructores de trompa (birimbao). Che forma parte do grupo de música tradicional Follas Novas.

Marita Giadáns

Nada en Aríns - Santiago de Compostela. Estudia Educación Musical na USC e grao medio de fruta traveseira no Conservatorio de Santiago .

É profesora de "Música e Movemento" na EMMA (Escola Municipal de Música do Concello de Ames).

Recoñecida gaiteira e pandeireteira, forma parte do grupo Brincadeira e imparte clases de pandeireta na Asociación Os Xeitosos de Trazo, Asociación de Veciños de Marantes e A.C. Follas Novas de Ames.

Ramón Dopico

Natural de Fene onde comezou a tocar na Banda de Gaitas *Airiños de Fene*, tamén formou parte da Banda de Gaitas *Terra de Trasancos* .

Realiza os seus estudos de Percusión no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol.

Actualmente toca co grupo *Chiculate* de Ferrol.

Ray Bierl [http:// www.instantharmony.com/HfM/bierl.html](http://www.instantharmony.com/HfM/bierl.html)

Nado en Vancouver, e criouse en San Diego e San Francisco. A súa educación musical comeza co violín e máis tarde coa guitarra. Sempre estivo formando parte en "Folk Groups".

Canta moito en Coffeehouse e en festivais do sur de California. O seu repertorio está composto de cancións Old-Time, Anteguerra, cowboy song e de cantautor de hoxedía.

Está graduado en Socioloxía.

Actualmente forma parte do prestixioso "Festival American Fiddle Tunes" in Port Townsend organizando "dance music sessions" e concertos.

Ray, aparte de ser un "Singer-guitar player" tamén toca o violín en diferentes estilos e tradicións (Québec, Irlandés, Cape Breton, Bluegrass etc...)

Ten varios CDs gravados e toca habitualmente cos gupos "Hillbillies from Mars", música tradicional de todo o mundo e con " The Earls ", música de Bluegrass de raíz.

Kevin Carr <http://www.lutherie.net/kevincarrrrrgh.html>

É un recoñecido multiinstrumentista (Violinista, gaitero, acordeonista ...) de California (EEUU). Comezou a súa carreira musical aos 12 anos na súa terra natal e no ano 1974 traládase a Irlanda para coñecer as súas raíces e continuar cos seus estudos musicais. Na actualidade forma parte do grupo "Hillbillies from Mars" e "Wake the Dead" e interpreta música do Quebec coa súa muller Bárbara. Ademais, é profesor de música tradicional e coordinador do "Festival of American Fiddle Tunes" e do coñecido e prestigioso Curso de verán "Lark in the Morning". Nos últimos anos demostra un grande interese pola música galega, sendo un grande animador da nosa música en USA.

Xesús Vaamonde

(Visantóna, 1970) é Licenciado en Filoloxía Clásica pola Universidade de Santiago de Compostela, e posúe o Grao Medio de Gaita LOGSE polo Conservatorio Mayeús de Vigo.

Suso iníciase no mundo da música aos doce anos da man do seu profesor de Matemáticas, don Jaime Vaquero Golpe, e comeza a tocar a gaita coa axuda das clases que recibe do mestre Xosé Casal.

No ano 1987 entra a formar parte do grupo de gaitas da *A.X. Xacarandaina* e, un ano máis tarde, da *A.F. Aturuxo*, de A Coruña. Con dezasete anos funda o grupo folc *Lecæ*, que máis tarde se convertería nun cuarteto tradicional.

En 1994 pasa a formar parte da sección musical do hoxe desaparecido *Ballet Galego Rey de Viana*, e no ano 1995 do recién creado *Grupo de Gaitas da Comunidade Autónoma de Galicia*. Actualmente forma parte do *Grupo de Música Tradicional do IGAEM* (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais).

Pertenceu tamén ao quinteto *Leliadoura* dende o ano 1997 ata a súa desaparición. Foi fundador do grupo *Terrabieita* (duo que integra con Xosé Lois Romero).

Ten impartido diversos cursos de técnica e afinación de gaita galega (*Casa de Galicia de San Sebastián, A.F.C. Cantigas e Frores, Asociación Cultural de Folclore Tradicional Ourense, Academia Escola da Vaca*, do Ferrol, *Cursos de Especialización para a Galicia do Exterior* en Santiago de Compostela...).

Destaca ademais no campo da composición, sendo autor de máis de corenta obras e outros tantos arranxos. A meirande parte da súa obra está gravada por el mesmo en diversas publicacións discográficas.

En maio e xuño de 1998 forma parte da xira de concertos "Mestres solistas europeos de Gaita" como representante galego xunto con Patrick Molard e Petko Stephanov entre outros.

Acadou diversos premios como solista: Gañador do Concurso de Gaita Constantino Bellón nos anos 1992 e 1997, gañador do Premio LUAR 2000 como Mellor grupo de música tradicional...

Ten participado en máis dunha veintena de gravacións discográficas e publicado varias obras para gaita.
En decembro de 2004 estrea en Trier (Alemaña) xunto con Ernesto Campos un *Concerto para gaita e órgano*, no que se inclúen temas galegos, clásicos e de autor.
O 2 de agosto de 2005 foi o único gaiteiro solista encargado de interpretar a *Marcha do Antigo Reino de Galiza* na Toma de posesión do Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño.

